



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS
DO CONSELLO SOCIAL DO 09.04.2026**

LUGAR: Sala de xuntas do 2º andar do edificio Exeria, campus de Vigo

DATA: 09.04.2026

HORA DE COMEZO: 12:00 h.

HORA DE REMATE: 13:30 h.

LISTA DE ASISTENTES

Pedrosa Silva, Ernesto (presidente)

Bravo Bosch, María José

Blanco Gómez, César

Castro Mouzo, Mercedes

Cendón Alonso, María Teresa

Crespo Tobío, Silvia

López Fernández, Yolanda

Ortiz Álvarez, Ana María

Rodríguez Iglesias, Ignacio (secretario)



O xoves, día 9 de abril de 2026, ás 12:00 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social da Universidade de Vigo, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

- 1.** Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (19.02.2026).
- 2.** Informe do presidente. Licitación do estudo sobre as persoas tituladas da Uvigo. Dotación orzamentaria.
- 3.** Acordo que proceda sobre o apoio solicitado para actividades previstas no Campus de Pontevedra en 2026.
- 4.** Acordo que proceda sobre a axuda económica solicitada para formación polo Coro senior Campus de Vigo.
- 5.** Acordo que proceda sobre a colaboración solicitada dende a Facultade de Filoloxía e Tradución para o V congreso internacional de estudos interdisciplinares LGTBIAQ+. Maricorners 2026.
- 6.** Acordo que proceda sobre a solicitude de financiamento para a publicación e presentación da revista T-I-A-S, promovida polo grupo Post-Groth Innovation Lab, da Uvigo.
- 7.** Acordo que proceda sobre a axuda solicitada dende o Centro de Investigación Mariña para organizar o Congreso internacional iMarco 2026 para fomentar novo talento investigador.
- 8.** Acordo que proceda sobre o financiamento demandado dende o Departamento de Lingua española para celebrar en Vigo a reunión científica internacional anual de morfólogos.
- 9.** Aprobación, se procede, da delegación preventiva no presidente do Consello Social para a distribución previa das Bolsas-colaboración para o curso 2026/2027, da que deberá dar conta á maior brevidade.
- 10.** Acordo que proceda sobre a petición de apoio económico para posibilitar a participación do equipo PTXAS da Universidade de Vigo no XLI campionato nacional de fútbol-sala universitario.
- 11.** Acordo que proceda sobre á axuda solicitada dende a Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo, para organizar o 2º Congreso Internacional de xestión de balneoterapia.
- 12.** Acordo que proceda sobre a petición de apoio solicitada pola Facultade de Comunicación para organizar o X congreso internacional da Asociación española de investigadores en comunicación (AE-IC).
- 13.** Acordo que proceda sobre a petición do Departamento de Lingua española para organizar unha xornada de formación para o profesorado de idiomas e apoio á empregabilidade do alumnado dos graos.
- 14.** Acordo que proceda sobre a posible colaboración co Museo do médico rural de Maceda (pioneiro no seu xénero en Europa) para promover actos académicos, talleres ou conferencias e programas educativos para xoves.
- 15.** Acordo que proceda sobre a solicitude da Directora da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo, para solicitar apoio económico para o desenvolvemento do proxecto de divulgación científica "II Olimpíada da Enerxía".
- 16.** Rogos e preguntas.



O presidente agradece a presenza da totalidade dos membros da comisión, que decide enviar o seu afecto e solidariedade a Víctor Cacharrón, vítima dun desgraciado episodio de violencia urbana.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (19.02.2026).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente. Licitación do estudo sobre as persoas tituladas da Uvigo. Dotación orzamentaria.

O presidente dá conta do inicio da tramitación para licitar a contratación do estudo sobre a inserción dos titulados da Universidade de Vigo, en liña de continuidade cos traballos desenvolvidos durante os últimos anos. O Consello Social leva anos fomentando a interrelación e cooperación entre a Universidade e os antigos alumnos, así como realizando estudos sobre a inserción laboral das persoas tituladas universitarias a través do apoio a iniciativas como o Observatorio de Egresados. Neste senso, e para mellorar a conexión entre os titulados e a sociedade, mantense a prórroga do estudo específico para coñecer, no momento actual, a empregabilidade das persoas tituladas pola Universidade de Vigo en estudos oficiais de grado, mestrado e doutoramento no curso 2022/2023, a efectos de contribuír a mellorar o posicionamento da UVigo e coñecer o perfil profesional e as necesidades de formación complementaria requiridas polos titulados no quinquenio 2019-2023. Para 2026, a base impositiva máis IVE ascende a 36.300,00€, con opción a unha prórroga para 2027.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 3

Acordo que proceda sobre o apoio solicitado para actividades previstas no Campus de Pontevedra en 2026.

A programación prevista ten como eixo a consolidación do proxecto de especialización CREA e a relación entre a Universidade e a contorna empresarial e social. A Investigación e a docencia conviven con iniciativas culturais e deportivas focalizadas no alumnado. Fomentar a creatividade, promover o emprego atendendo ás distintas Titulacións, e impulsar hábitos saudables e a formación en competencias cívicas, conforman a proposta do Vicerreitorado. Tendo en conta a axuda de 2025,

- ***Apróbase unha achega de 7.100€.***

PUNTO 4

Acordo que proceda sobre a axuda económica solicitada para formación polo Coro senior Campus de Vigo.

Con preto de medio cento de compoñentes, e con dezaseis concertos en 2025, o conxunto coral participa de xeito gratuito nos actos solemnes da Universidade de Vigo e colabora noutras iniciativas universitarias. Os talleres de formación, os obradoiros de técnica vocal e auditiva e a vestimenta son parte dos seus gastos, que para 2026 se estiman en case 24.000€, aos que fan fronte con cotas e axudas externas. Solicitan unha axuda excepcional ao CS para formación extra: lectura de solfexo e técnica vocal, perfeccionamento e carpetas de concerto. Tendo en conta a axuda de 2025,

- ***Apróbase unha aportación de 4.000€.***



PUNTO 5

Acordo que proceda sobre a colaboración solicitada dende a Facultade de Filoloxía e Tradución para o V congreso internacional de estudos interdisciplinares LGTBIAQ+. Maricorners 2026.

O espazo MariCorners creouse en 2018 para favorecer a discusión interdisciplinar sobre temas LGTBI, dando paso a catro congresos internacionais nos que un crecente número de especialistas e investigadores, dende enfoques e perspectivas dinámicas, poden discutir e debater abertamente sobre asuntos de interese para o colectivo, ademais de ser foco de divulgación. A falta dun mes para pechar as inscricións son máis de 200 os asistentes confirmados, que ademais de aos relatorios asistirán a actividades abertas na cidade de Vigo. María José Bravo avala a importancia da iniciativa.

- ***Apróbase unha axuda de 1.000€.***

PUNTO 6

Acordo que proceda sobre a solicitude de financiamento para a publicación e presentación da revista T-I-A-S, promovida polo grupo Post-Growth Innovation Lab, da Uvigo.

A revista T.I.A.S. (enmarcada no proxecto This Is Also Science) prepara un número especial focalizado nunha selección dos textos publicado nos números anteriores, dedicados á xustiza, ó lume e ó poder das persoas e das colectividade para acadar cambios sociais e ambientais. A revista ten como obxectivo achegar a ciencia de xeito comprensivo e creativo á sociedade, en especial para xente nova, combinando investigación, arte e comunicación, mediante relatos de ficción inspirados en traballos científicos reais. Este número especial será presentado nun acto público.

- ***Apróbase unha axuda de 2.000€.***

PUNTO 7

Acordo que proceda sobre a axuda solicitada dende o Centro de Investigación Mariña para organizar o Congreso internacional iMarco 2026 para fomentar novo talento investigador.

Vigo acollerá un congreso sobre a conectividade ecolóxica mariña que chega á octava edición. Reunirá persoal investigador, administración pública, sector produtivo e estudantes arredor dos retos asociados á conservación, xestión e sustentabilidade dos ecosistemas acuáticos. Nesta edición centrarase na importancia do Aqua NEXUS e a conectividade mariño-fluvial. O evento contará con destacados expertos internacionais.

- ***Asínase unha aportación de 1.000€.***

PUNTO 8

Acordo que proceda sobre o financiamento demandado dende o Departamento de Lingua española para celebrar en Vigo a reunión científica internacional anual de morfólogos.

Un total de 16 comunicacións e entre 20/30 pósteres terán cabida no XXI Encontro "Tecer morfoloxías: estudos contrastivos e diversidade lingüística, que reunirá un número estimado de 40 persoas académicas de distintas procedencias xeográficas, durante dous días, no edificio Redeiras, en Vigo. Son os datos máis destacados da única reunión científica que agrupa e da cabida ás investigación dos morfólogos españois. O acceso é gratuíto previo rexistro.

- ***Apróbase unha aportación de 600€.***

PUNTO 9

Aprobación, se procede, da delegación preventiva no presidente do Consello Social para a distribución previa das Bolsas-colaboración para o curso 2026/2027, da que deberá dar conta á maior brevidade.

O presidente xustifica a petición pola imprevisibilidade da data na que se fai a convocatoria dende o Ministerio e polos curtos prazos nos que se desenvolve, co obxectivo de executar unha primeira adxudicación de bolsas que evite -de ser o caso- un incumprimento dos prazos dado que



serían motivo para excluír das axudas á UVigo. Esta primeira distribución serve como rexistro obrigado para inscribir o número de solicitudes de bolsas previstas por cada departamento. Posteriormente a convocatoria será resolta de xeito definitivo en outubro, cando se ponderen os méritos dos departamentos inscritos e das candidaturas dos alumnos admitidos como válidos. A decisión será comunicada ao pleno á maior brevidade posible.

PUNTO 10

Acordo que proceda sobre a petición de apoio económico para posibilitar a participación do equipo PTXAS da Universidade de Vigo no XLI campionato nacional de fútbol-sala universitario.

A vicerreitora de Extensión universitaria solicita a financiación para a participación do equipo da UVigo na XLII edición do campionato, que organiza a Universidade de Almería. Cada equipo contará con un máximo de 12 xogadores, delegado e adestrador. Máis alá de ser un torneo deportivo, a iniciativa convertese nun canle de relación e intercambios de experiencias que posibilita a apertura de liñas de colaboración en diversas instancias da actividade e o traballo universitario. Vista a axuda concedida en 2025,

- ***Apróbase unha axuda de 1.300€.***

PUNTO 11

Acordo que proceda sobre á axuda solicitada dende a Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo, para organizar o 2º Congreso Internacional de xestión de balneoterapia.

O Campus de Ourense acollerá a 2º congreso internacional de xestión de balneoterapia, un foro científico de referencia no mundo termal. Reunirá a investigadores e profesionais procedentes de distintos ámbitos implicados no sector, dende especialistas médicos ata expertos en xestión empresarial e políticas públicas. A presentación de 40 comunicacións científicas permitirá abrir novas liñas de investigación ambientais, tecnolóxicas e socioeconómicas. Para o estudantado de varias facultades servirá de complemento formativo e contactos profesionais.

- ***Concédesse unha axuda de 1.000€.***

PUNTO 12

Acordo que proceda sobre a petición de apoio solicitada pola Facultade de Comunicación para organizar o X congreso internacional da Asociación española de investigadores en comunicación (AE-IC).

A Facultade de Comunicación de Pontevedra convoca a actividade, dirixida a estudantado de grao e mestrado, persoal investigador en formación, e investigadores en etapas iniciais. De xeito presencial, e durante dúas horas, participarán en espazos de diálogo e debate con expertos e profesionais de distintas áreas implicadas no sector.

- ***Apróbase unha aportación de 1.500€.***

PUNTO 13

Acordo que proceda sobre a petición do Departamento de Lingua española para organizar unha xornada de formación para o profesorado de idiomas e apoio á empregabilidade do alumnado dos graos.

A iniciativa xurde na Facultade de Filoloxía e Tradución, para dar resposta á necesidade de formación específica do profesorado de idiomas de calquera nivel académico. Tamén para converter á Universidade de Vigo nun referente científico para a ensinanza regulada e non regulada. Servirá, ademais, para o contacto entre empresas do sector e profesorado, e mesmo para posibilitar prácticas profesionais do alumnado. Nas anteriores edicións rexistráronse 150 participantes de diferentes países.

- ***Apróbase unha aportación de 600€.***



PUNTO 14

Acordo que proceda sobre a posible colaboración co Museo do médico rural de Maceda (pioneiro no seu xénero en Europa) para promover actos académicos, talleres ou conferencias e programas educativos para xoves.

O recoñecido Museo do médico rural, aberto en Maceda, está catalogado como Ben de Interese Cultural. Un dos seus obxectivos son experiencias educativas mediante talleres, conferencias ou demostracións; promover a investigación académica e científica no campo da medicina rural; estimular as vocacións de médicos no medio rural. Na proposta que presenta ao Consello Social prevé organizar exposicións (paneis, materiais históricos, fotografías, instrumentos médicos e documentación diversa sobre a evolución da medicina rural en Galicia. Tamén charlas informativas, proxeccións e mesas redondas, a celebrar nos tres Campus da UVigo.

- ***Apróbase unha aportación de 6.000€.***

PUNTO 15

Acordo que proceda sobre a solicitude da Directora da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo, para solicitar apoio económico para o desenvolvemento do proxecto de divulgación científica "II Olimpíada da Enerxía".

Estudantes de 4º de ESO, Ciclos formativos de FP e Bacharelato de Galicia participarán na *II Olimpíada da Enerxía*, un proxecto de divulgación científica único en España. Auspiciado pola Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, ten como obxectivo axudar a coñecer e comprender as disciplinas STEM relacionadas co sector enerxético. Tamén trata de despertar curiosidade e interese sobre a relevancia da enerxía na calidade de vida e as implicacións ambientais, sociais e económicas, ademais de combater a desinformación no ámbito da ciencia.

- ***Achégase unha aportación de 1.200€.***

PUNTO 16

Rogos e preguntas.

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:30 horas do 9 de abril da que eu como secretario dou fe, co visto e praxe do presidente.

Vº. e pr.,
O presidente,
Ernesto Pedrosa Silva
(Asinado na data da sinatura dixital)

O secretario,
Ignacio Rodríguez Iglesias
(Asinado na data da sinatura dixital)